

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN**

Visto que coa data 12 de marzo de 2017 se incoou o procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2017.

Visto que coa data 15/03/2017 se emitiu o Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa data 15/03/2017 se emitiu o Informe de avaliación do cumprimento da regra de gasto.

Visto que coa data 15/03/2017 foi emitido o informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto refundido da Lei de facendas locais.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a liquidación do Orzamento xeral de 2017.

**SEGUNDO.** Dar conta ao Pleno da corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

**TERCEIRO.** Ordenar a remisión de copias da dita liquidación aos órganos competentes.

Así o manda e asina o Alcalde-presidente do Concello de Ferrol, na casa do concello o de **11 ABR. 2018**, do que, como Secretario, dou fe.

O alcalde,

Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández

Ante min,  
o secretario,